



**CHINA: Autorización dos importes de compensación económica a percibir pola ECAI ACI (Asociación para el Cuidado de la Infancia) na intermediación de expedientes de adopción e do novo modelo de contrato.**

Mediante resolución do 1 de xuño de 2015, a directora xeral de Familia e Inclusión aprobou os novos importes que a ECAI ASOCIACIÓN PARA EL CUIDADO DE LA INFANCIA (ACI) está autorizada a percibir das persoas solicitantes de adopción internacional pola intermediación con China.

O importe total da compensación económica que poderá percibir a devandita entidade ascende a un total de **14.975,50 €** segundo a seguinte distribución:

**1.- GASTOS INDIRECTOS: 5.120,00 €**

**En España: 4.847,41 €**

a) Gastos de funcionamento:

1. Gastos de persoal: 3.275,21 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento: 609,90 €
3. Gastos de oficina, subministración e outros: 299,82 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 662,48 €

b) Formación e adaptación: 0 €

**No país de orixe da ou do menor: 272,59 €**

1. Gastos de representante e outro persoal da ECAI no país de orixe da ou do menor: 83,44 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento da oficina da ECAI: 65,22 €
3. Gastos de oficina, subministración e outros da oficina da ECAI: 123,93 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 0 €
5. Achega a proxectos de axuda social e cooperación e de mantemento da acreditación no país: 0 €

**2.- GASTOS DIRECTOS: 9.030,50 €**

**En España: 1.780,50 €**

1. Xestión de documentos: 105,50 €
2. Gastos de legalización e autenticación: 500,00 €
3. Gastos de tradución: 150,00 €
4. Gastos de mensaxería e correos: 200,00 €
5. Taxas: 0 €
6. Seguimentos postadoptivos dos dous primeiros anos: elaboración de informes, tradución, legalización e envío: 825,00 €



**No país de orixe da ou do menor: 7.250,00 €**

1. Xestión de documentos: 150,00 €
2. Gastos derivados do rexistro do expediente no país: 750,00 €
3. Gastos de legalización: 0 €
4. Gastos de tradución: 300,00 €
5. Intérpretes (polo traballo relacionado co proceso de adopción): 0 €
6. Mensaxería e correos: 0 €
7. Taxas e gastos derivados da tramitación da adopción: 0 €
8. Visados e pasaporte da ou do menor (1): 1.050,00 €
9. Gastos médicos obrigatorios: 0 €
10. Desprazamentos das persoas adoptantes no país de orixe relacionados directamente co proceso de adopción: 0 €
11. Axuda e manutención da ou do menor dende o momento que determine a lexislación do seu país de orixe ata a entrega da ou do menor ás persoas adoptantes (1): 5.000,00 €

Total expediente: 14.150,50 €

Informes de seguimento posteriores aos dous primeiros anos para o caso de que se realicen a través da ECAI, quedando esta posibilidade á opción dos adoptantes: 825,00 €

TOTAL CUSTO: 14.975,50 €

Nota: (1) Estes importes serán aboados directamente pola familia adoptante no país de orixe da ou do menor.

#### **O pagamento fraccionarase da forma seguinte:**

- **Primeiro pagamento:** Á sinatura do contrato aboarase o 50% dos gastos indirectos (2.560,00 €) e efectuarase unha provisión de fondos de 955,50€ que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do segundo pagamento.
- **Segundo pagamento:** Aceptada a asignación, aboarase o 25% dos gastos indirectos (1.280,00 €) e efectuarase unha provisión de fondos de 1.200,00 € que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do terceiro pagamento.
- **Terceiro pagamento:** Antes da realización da viaxe ao país aboarase o 25% dos gastos indirectos (1.280,00 €) e efectuarase o pago de 825,00 € correspondente á realización dos informes de seguimento dos dous primeiros anos (tres informes). No País de orixe do ou da menor aboaranse os gastos previstos para a finalización do proceso de adopción (6.050,00 €)

Os seguimentos postadoptivos correspondentes ao terceiro e sucesivos anos ata completar o establecido polo país aboaranse no momento da realización do informe no caso de que os adoptantes decidan realizalos a través da ECAI, quedando esta posibilidade á elección dos adoptantes.